



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Telf: 981 81 04 51
Fax: 881 24 93 91

DECRETO DO ALCALDE EN FUNCIÓNS: CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO PARA O DIA MARTES 30 DE SETEMBRO DE 2025.

Visto que o señor Alcalde e varios Concelleiros e Concelleiras do grupo de goberno estarán ausentes do término municipal do 25 ao 28 de setembro do 2025 con motivo da celebración dos actos institucionais do irmandamento co Concello de Arjonilla (Jaén) e tendo en conta que o acordo adoptado na sesión plenaria do 7 de xullo do 2023 posibilita adiantar ou retrasar, dentro do mesmo mes, a realización das sesións ordinarias do Pleno da Corporación por causas xustificadas.

Visto o Decreto do Alcalde 671/2025, do 19 de setembro de 2025, polo que nomea Alcalde en funcións para este período.

En cumprimento do previsto no artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no 78 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e segundo o acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal o 7 de xullo de 2023,

RESOLVO:

Primeiro. Convocar sesión ordinaria do **Pleno da Corporación Municipal** para:

- ➔ Día: martes 30 de setembro de 2025.
- ➔ Hora: 20,00.
- ➔ Lugar: Salón de Sesións da Casa do Concello.

Coa seguinte orde do día:

PARTE I. ADOPCIÓN DE ACORDOS

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O 26 DE XUÑO DE 2025.
2. APROBACIÓN DA ACTA DE SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O 31 DE XULLO DE 2025.
3. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO NÚMERO 1/2025 PARA FACER FRONTE ÁS OBRIGAS DERIVADAS DO COFINANCIAMENTO DAS OBRAS AO 50% ENTRE O CONCELLO E A XUNTA DE GALICIA PARA ARRANXO DO CENTRO DE SAÚDE.

PARTE II. CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

4. DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DO ALCALDE DO NÚMERO 560/2025 AO 684/2025.
5. DACIÓN DE CONTA DO INFORME TRIMESTRAL ELABORADO POLOS DEPARTAMENTOS DE INTERVENCIÓN E TESOURERÍA SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PREVISTOS NA LEI 3/2004, DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS, NA SÚA REDACCIÓN DADA POLA LEI 15/2010, DE 5 DE XULLO. 2º TRIMESTRE 2025.
6. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS ADOPTADAS POLA PRESIDENCIA CONTRARIAS AOS REPAROS SUSPENSIVOS FORMULADOS POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL. REPAROS 14-30/2025.
7. MOCIÓNS DE URXENCIA.
8. ROGOS E PREGUNTAS.

Segundo. Facer pública a presente resolución mediante a inserción da mesma no Taboleiro electrónico do Concello de Padrón (<https://sede.padron.gal/>) e no de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web do Concello (www.padron.gal), dar traslado da mesma á Intervención Municipal e dar conta á Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Terceiro. Notificar a presente resolución a todas as persoas membros do Pleno poñendo á súa disposición todos os asuntos incluídos na orde do día no Portal de Cargos Electos accesible dende a sede electrónica do Concello de Padrón (<https://sede.padron.gal/>), coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que dictou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

O Alcalde en funcións por DA 671/2025

(documento asinado dixitalmente)

Asdo. José Luis Mariño Castro